

Guía para o uso responsable e seguro da tecnoloxía no fogar



Recomendacións en materia de privacidade e seguridade ante a crise do COVID-19

A guía

A situación actual provocada polo COVID-19, fixo que ademais do uso habitual da tecnoloxía no fogar moitos galegos e galegas aborden o teletraballo por primeira vez, polo que a continuación preséntase unha serie de recomendacións para garantir un uso seguro e responsable da tecnoloxía no fogar.

#EuQuedoNaCasa



1. CONÉCTATE DE FORMA SEGURA E CUN EQUIPO ACTUALIZADO

- **Conexión segura:** utiliza unha conexión a Internet de confianza, como a do teu domicilio ou a facilitada pola túa organización. *Evita o uso de redes públicas como poden ser as wifis de locais abertos ao público.*
- **Actualiza o teu equipo:** mantén actualizado o teu equipo, especialmente no referente ás actualizacións de seguridade do fabricante do sistema operativo, e outro software de uso habitual como lector de PDF, así coma o antivirus ou instálao en caso de non dispoñer del.



- **Navegación segura:** realiza unha navegación segura por Internet (*observa que na dirección da barra de navegación se use o protocolo seguro HTTPS e verifica o certificado asociado á páxina web*), evitando o acceso a páxinas dúbidas, especialmente nesta situación de crise provocada polo COVID-19, debido á proliferación de ciberataques e ciberestafas que utilizan como cebo temas relacionados con esta crise sanitaria.
- **Contas de usuario:** crea contas de usuario diferentes no ordenador ou dispositivo que empregues para separar o teu espazo persoal do profesional.

2. EMPREGA FERRAMENTAS E PROGRAMAS AUTORIZADOS E COMUNÍCATE DE XEITO SEGURO DESDE O TEU FOGAR

- **Ferramentas seguras:** emprega sempre software lexítimo e actualizado. Se estás a teletraballar, intenta utilizar as ferramentas autorizadas pola túa organización, evitando as plataformas non autorizadas.
- **Correo electrónico:** é preciso que esteas alerta ante a posibilidade de recibir correos fraudulentos, especialmente con ocasión da crise do COVID-19. Desconfía dos correos sospeitosos e toma as seguintes precaucións:
 - Verifica o campo do remitente do correo e comproba cal é a dirección de correo, independentemente do "alias" que figure. En caso de dúbida, recoméndase chamar ou contactar previamente co remitente para confirmar a lexitimidade do correo.
 - Sospeita, en xeral, de correos con faltas de ortografía, erros de redacción ou comunicacións impersoais.
 - Non fagas clic en ningunha ligazón, especialmente se se trata de ligazóns curtas, nin abras os arquivos adxuntos.
 - Non introduces credenciais ou datos persoais en páxinas de dúbida lexitimidade.
 - Non reenvías cadeas de mensaxes ou noticias de dúbida veracidade aos teus contactos.

3. PROTEXE OS TEUS DATOS E A TÚA INFORMACIÓN

- **Xestión de contrasinais:** protexe o teu equipo cun contrasinal seguro, evitando o uso de contrasinais facilmente adiviñables (*data de nacemento, nome...*) e na medida do posible emprega contrasinais robustas *con polo menos 8 caracteres que combinen maiúsculas, minúsculas, números e símbolos*. Non empregues o mesmo contrasinal para varios usos (*por exemplo, para o correo electrónico persoal e para o acceso aos sistemas de información do traballo*). E bloquea a sesión cando non empregues o teu equipo evitando "sorpresas" cos nen@s.



- **Manexo de datos:** é importante que empregues medidas de seguridade como o cifrado de información no uso de dispositivos extraíbles ou almacenamento na nube.
- **Confidencialidade e tratamento de datos persoais:** é imprescindible manter a confidencialidade da información e a seguridade no tratamento de datos persoais en todo momento. Non facilites datos persoais, bancarios ou datos sensibles doutro tipo sen verificar o solicitante. Desconfía das peticións telefónicas.

4. RECOMENDACIÓNS ESPECÍFICAS DO COVID -19

Ten especial coidado ante estes posibles intentos de engano:

- Presta especial atención aos correos electrónicos que recibes. *A cura do coronavirus non a recibirá por correo electrónico.*
- Evita abrir documentos e arquivos adxuntos sobre o COVID-19 nos correos electrónicos que recibas, salvo que esteas absolutamente seguro de que son lexítimos.
- Non descargues aplicacións non oficiais para coñecer o alcance internacional do COVID-19.

No relativo á desinformación, ten en conta o seguinte:

- Evita difundir información que non proveña de medios e fontes oficiais.
- Non contribúas á difusión de contido non contrastado.
- Non compartas mensaxes que poidan xerar alarma na poboación.



5. QUE FACER ANTE UN PROBLEMA DE SEGURIDADE OU EN CASO DE DÚBIDAS?

É importante que sigas as recomendacións e consellos sobre seguridade da información e ciberseguridade emitidos polos organismos con competencia nesta materia (INCIBE, CCN, AEPD, Forzas e Corpos de Seguridade, etc...) ou pola túa organización, de ser o caso.

- **Contacta coa liña de axuda do INCIBE.** En caso de dúbidas sobre temas de ciberseguridade, contacta no teléfono gratuito 017 en horario de 9:00 a 21:00 horas durante todos os días do ano ou accede a <https://www.incibe.es/linea-de-ayuda-en-ciberseguridad>
- **Avisa á túa organización.** En caso de detectar un correo do ámbito laboral sospeitoso ou unha actividade anómala nos sistemas de información ou ferramentas empregadas durante o teletraballo, comunícaa o antes posible á túa organización para que se poida minimizar calquera impacto.



Conscientes da situación na que nos atopamos, e que non está sendo sinxelo compaxinar responsabilidades tanto a nivel persoal como laboral, esta é unha primeira guía sobre o uso responsable e seguro da tecnoloxía nos fogares, que se desenvolverá en maior medida na **Web Faite Dixital**: <https://fatedixital.xunta.gal/gl>, onde cada día publicaranse novos post e consellos neste eido e noutros como o teletraballo, saúde física, saúde mental, lecer, ... para todos os galegos e galegas.

En caso de dúbidas sobre o uso seguro e responsable das TIC no fogar, contacta no seguinte Buzón de correo cemit@xunta.gal e tentaremos axudarte.